

Patricia Villajos Grande, secretaria do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, IGAPE,

CERTIFICA

Que na reunión do Consello de Dirección do IGAPE, celebrada o 30 de xuño de 2025, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Acordo conxunto relativo ao artigo 17.4 da Resolución do 7 de outubro de 2024 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras dos préstamos parcialmente reembolsables para proxectos empresariais de investimento creadores de emprego previstos no instrumento financeiro do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027, territorio P2 A Coruña, modalidade de pequenas e medianas empresas, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrência competitiva (código de procedemento IG408J).

Primeiro. En atención ao artigo 16.3 da *Resolución de 7 de outubro de 2024 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras dos préstamos parcialmente reembolsables para proxectos empresariais de investimento creadores de emprego previstos no instrumento financeiro do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027, territorio P2 A Coruña, modalidade de pequenas e medianas empresas, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrência competitiva (DOG nº 201, do 17 de outubro de 2024)*, o órgano instrutor formulou a relación ordenada das solicitudes avaliadas, coa indicación da puntuación outorgada a cada unha delas conforme aos criterios de priorización e desempate establecidos no artigo 9 das devanditas bases.

A dita relación, que inclúe tanto as solicitudes propostas para a concesión como as denegadas, foi elevada ao Comité de Riscos, que resolveu sobre a súa rectificación na sesión celebrada o 09/06/2025.

Segundo. Acórdase a concesión dos préstamos parcialmente reembolsables para proxectos empresariais de investimento creadores de emprego previstos no instrumento financeiro do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027, territorio P2 A Coruña, que figuran no Anexo I, para os proxectos, tipoloxía e polos importes do préstamo, desagregados en tramo reembolsable e tramo non reembolsable e ordenada de acordo coa puntuación obtida polos criterios de priorización, que supoñen un total de préstamos tanto no tramo reembolsable como no non reembolsable de 6.442.690,00 euros.

Terceiro. Acórdase a denegación do préstamo relacionado no Anexo II, polas causas indicadas no mesmo.

Cuarto. Publicar o acordo de concesión no Diario Oficial de Galicia e na páxina web do Igape no enderezo <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual> (apartado “Resolucións definitivas” <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>), de acordo co establecido no artigo 17.4 das bases reguladoras.

Habilitar un prazo de 10 días naturais para que os interesados accedan á Oficina virtual do Igape no citado enderezo <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>, utilizando o seu NIF e o código IDE do expediente, e descarguen o seu acordo individual.

Quinto. Os acordos individuais, segundo o establecido no punto primeiro, esgotan a vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao acceso ao acordo individual, ou desde que se entenda rexeitado polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta á disposición sen que se accedera ao seu contido. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante o Consello de Dirección do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir



do día seguinte ao acceso ao acordo individual, ou desde que se entenda rexeitado polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta á disposición sen que se accedese ao seu contido.

Faise constar que quedou pendente de aprobación a acta da sesión para a seguinte reunión do Consello de Dirección.

Para que conste e xurda os efectos oportunos, expídese a presente certificación, en Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

Visto e Prace

Patricia Villajos Grande
SECRETARIA DO CONSELLO DE DIRECCIÓN

María Jesús Lorenzana Somoza
PRESIDENTA DO IGAPE



ANEXO I

Préstamos concedidos

Expediente núm.	Titular	Proxecto	Tipoloxía (*)	Puntuación (criterios de priorización)	Total préstamo	Tramo reembolsable	Tramo non reembolsable
IG302.2024.1.14	ALLGENETICS&BIOLOGY, S.L	Novo laboratorio con nivel de bioseguridade II.	1.2.	48,45	170.261,00	93.220,00	77.041,00
IG302.2024.1.16	INDUSTRIAS TORRES GOLAN, S.L.U	Implementación dun almacén intelixente para a xestión automatizada de sistemas especiais de carpintería de PVC.	1.2.	39,41	490.000,00	315.000,00	175.000,00
IG302.2024.1.15	HIDRAMAQ DEZA, S.L.	Modernización (reconversión) do taller oficial de reparación de camiós e furgonetas Renault Trucks.	1.1.	35,80	1.326.989,00	663.495,00	663.494,00
IG302.2024.1.7	GRUPO INSTITUTO GERONTOLOGICO IGA, S.L.	Ampliación da Residencia de Maiores "La Magdalena" en As Pontes de García Rodríguez (A Coruña) cunha unidade de recuperación funcional.	1.2.	34,58	1.069.289,00	686.967,00	382.322,00
IG302.2024.1.9	AUTOMOCIÓN VILAR DO COLO, S.L.	Ampliación da actividade de taller á de carrozado, así como dotación dunha cabina de pintura.	1.3.	33,62	531.988,00	265.994,00	265.994,00



Expediente núm.	Titular	Proxecto	Tipoloxía (*)	Puntuación (criterios de priorización)	Total préstamo	Tramo reembolsable	Tramo non reembolsable
IG302.2024.1.12	RE-LIFE THE WORLD, S.L.	Nova planta para o reciclaxe integral de redes de pesca.	1.1.	32,21	1.765.891,00	1.135.216,00	630.675,00
IG302.2024.1.5	GUILLEN TABOADA, LAURA	Nova clínica veterinaria.	1.1.	27,00	107.773,00	62.868,00	44.905,00
IG302.2024.1.8	NILMAR GROUP, S.L.	Ampliación da capacidade de fabricación conductos de climatización.	1.2.	17,50	650.499,00	418.178,00	232.321,00

* Tipoloxías do artigo 1.1 das bases reguladoras, isto é:

(1.1.) Creación dun novo establecemento, derivado da creación dunha nova empresa ou que dea lugar á diversificación económica, modernización ou reconversión dunha empresa existente.

(1.2.) Ampliación de capacidade dun establecemento existente, sempre que supoña unha modernización respecto da tecnoloxía previamente utilizada.

(1.3.) Diversificación da produción dun establecemento para a fabricación de produtos que antes non se producían neste.

(1.4.) Transformación fundamental do proceso global de produción do produto ou produtos ou da prestación global do servizo ou servizos afectados polo investimento no establecemento.



ANEXO II

Préstamos denegados

Expediente núm.	Titular	Proxecto	Motivo de denegación
IG302.2024.1.13	COBAS, DOMINGUEZ Y PEREIRA, C.B.	Reforma dunha nave (denominada "Salvacón", en Teo) para ceder en aluguer o uso de espazos (coworking, formación, startups...)	- O proxecto non se axusta a ningunha das catro tipoloxías de investimentos empresariais por tratarse dunha mera xestión patrimonial inmobiliaria que tras a reforma do mesmo pasará a ofertar espazos para diversos usos (coworking, formación...) xunto cun servizo de limpeza, de tal xeito que o proxecto plantexado non pode considerarse investimento produtivo financiable co FTX (art. 8.2.a Rgto do FTX), nin unha iniciativa empresarial, pois a posta a disposición do inmovible a alugueiro xa existía con carácter previo, con independencia das novas características de utilidade que puidera ter (iluminación LED, mobiliario versátil, dixitalización, domótica...). - Os conceptos financiables non encaixan cos definidos no artigo 6.1 das bases reguladoras, pois a exclusiva reforma dun inmovible non está alineada coa financiación de investimentos produtivos en activos materiais e inmateriais, de tal modo que a posta a disposición de espazos non produce bens nin servizos produtivos por sí mesmo (explotación produtiva).

